



CIRCULAR 19-2020. **V CAMPIONATO DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER.**

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o IV Campionato de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster, que terá lugar en Pontevedra o día 8 de febreiro do 2020.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas Máster que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2020) por algún club pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertenczan a clubs doutras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art. 4).- O péntatlon de lanzamentos consta das seguintes probas e orde: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acreditada nun mínimo de tres das cinco probas.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 4 de febreiro do 2019. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.6).- Os/as atletas deberán retirar o dorsal ata 45 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non se iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.7).- Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas de cada categoría, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.



Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.9).- Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 40 minutos antes da competición. A organización agradece a presentación de artefactos para a súa homologación o día anterior á competición.

Art.10).- O horario definitivo publicárase o mércores antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

HORA	PROBA
16:00h	Martelo
16:45h	Peso
17:30h	Disco
18:15h	Xavelina
19:00h	Martelo Pesado

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 24 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo